



## **CIRCULAR 101-2023.**

**Mod. (17/08/2023)**

### **XIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MILLA EN RUTA ABS. E DAS CATEGORÍAS SUB 18, SUB 20, SUB 23 E MÁSTER.**

### **XIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 1 KM EN RUTA DAS CATEGORÍAS SUB 10, SUB 12, SUB 14 E SUB 16.**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organizará, o sábado 26 de agosto en Lourenzá, os Campionato Xunta de Galicia de Milla en ruta Absoluto e das categorías sub 18, sub 20, sub 23 e máster, e os de 1 km en ruta das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16, co patrocinio do concello de Lourenzá e a colaboración do club Escolas Deportivas Lourenzá.

**Art.2).**- Poderán intervir atletas que teñan ficha en vigor pola FGA na tempada actual.

- No caso de ter que limitar a participación, admitiranse por orde de mellor marca realizada dende o 1 de xaneiro de 2022 nas probas detalladas a continuación para cada unha das distancias:
  - Para o 1 km → 1000 m e 1 km
  - Para a Milla → 1500m e milla en ruta/pista.
    - ❖ En categoría Sub 18 terán tamén validez as marcas realizadas na proba de 1000 m.
    - ❖ As diferentes distancias serán comparadas segundo Táboa WA 2017.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es>) ata as 20:00 horas do luns 21 de agosto de 2023.

**Art.4).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.5).**- Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas ata 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

**Art.6).**- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as absolutos e dende categorías sub 10 ata sub 23 e de todas as categorías Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.



**Art.7).- Horario (provisional):**

HORA	DISTANCIA	PROBA	ANOS
<b>17:30 h</b>	250 m	Categoría Sub 8 popular non competitiva	(2016 e posteriores)
<b>17:45 h</b>	1 km	Campionato Xunta de Galicia sub 10 masculino e feminino	(2014-2015)
<b>18:00 h</b>	1 km	Campionato Xunta de Galicia sub 12 masculino e feminino	(2012-2013)
<b>18:15 h</b>	1 km	Campionato Xunta de Galicia sub 14 masculino e feminino	(2010-2011)
<b>18:30 h</b>	1 km	Campionato Xunta de Galicia sub 16 masculino e feminino	(2008-2009)
<b>18:40 h</b>	<b>ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS MENORES 1 KM EN RUTA</b>		
<b>19:00 h</b>	1,609 km	Campionato Xunta de Galicia Milla máster feminino	(F35 e superior)
<b>19:15 h</b>	1,609 km	Campionato Xunta de Galicia Milla máster masculino	(M35-M40)
<b>19:25 h</b>	1,609 km	Campionato Xunta de Galicia Milla máster masculino	(M45 e superior)
<b>19:40 h</b>	1,609 km	Milla popular feminina	(2007 ata máster)
<b>19:50 h</b>	1,609 km	Milla popular masculina	(2007 ata máster)
<b>20:10 h</b>	1,609 km	Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla feminino Campionato Xunta de Galicia sub 18, sub 20, e sub 23 feminino	
<b>20:20 h</b>	1,609 km	Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla masculino Campionato Xunta de Galicia sub 18, sub 20, e sub 23 masculino	
<b>20:45 h</b>	<b>ENTREGA DE PREMIOS DOS CAMPIONATOS DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E PROBA POPULAR</b>		

**Art.8).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ó inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

**Art.9).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 9 de agosto de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**